


Programa escolar para ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

MICE PETÍS

ACTIVIDADE EN LIÑA. OFERTADA DURANTE TODO O CURSO.

O saber dos pobos, a súa idiosincrasia, a súa maneira de ser e entender o mundo transmítese de xeración en xeración en forma de historias. O cinema converteuse nunha importante ferramenta non só para a creación de obras senón para a transmisión doutras xa existentes na narración oral ou no texto e que chegan a nós desde a infancia, contribuíndo así a transmisión de mitos e con eles, da identidade dos pobos.

- Sesión en liña de curtas que vos achegamos a través dun enlace virtual.
- Dirixida ao alumnado da ESO.
- Máximo de participantes por sesión: a determinar polo centro.
- Temporalización: curtas de aproximadamente 10 minutos, todo o bloque suxerido desde o Museo suma 60 minutos.
- Datas e horario: a concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: de balde.



PASEOS VIRTUAIS

ACTIVIDADE EN LIÑA. OFERTADA DURANTE TODO O CURSO.

Nestes paseos navegaremos virtualmente por aquela sala do Museo que máis vos interese. Vós escolledes o tema e nós mostrámosvolo de xeito participativo e interactivo.

- Dirixida ao alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.
- Máximo de participantes por sesión: un aula.
- Temporalización: 40 minutos
- Datas e horario: a concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios do Museo.



DO ALALÁ AO AUTOTUNING

ACTIVIDADE EN LIÑA. OFERTADA NO 2º E 3º TRIMESTRE.

Paseo virtual por diferentes salas do Museo no que a música popular será o fío que conecte os diferentes obxectos materiais nos que repararemos.

Para que a usamos, como chega ata nós ou que novos estilos a nutren, son algúns dos temas sobre os que reflexionaremos conxuntamente.

- Dirixida ao alumnado de 3º da ESO a 2º Bacharelato.
- Máximo de participantes por sesión: un aula.
- Temporalización: 50 minutos
- Datas e horario: a concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: 0,70 céntimos por alumno/a. De balde para centros socios do Museo.




PASEOS PRESENCIAIS

ACTIVIDADE PRESENCIAL AUTÓNOMA. OFERTADA DURANTE TODO O CURSO.

O alumnado poderá visitar o Museo presencial e autonomamente, é dicir, dirixido polo profesorado, a través de materiais lúdicos como "xogos de pistas" facilitados desde o DEAC e adaptados ao nivel formativo.

- Dirixida ao alumnado de ESO e Bacharelato.
- Máximo de participantes por sesión: grupo burbulla ou 20 persoas. **
- Temporalización recomendada: 50 minutos
- Datas e horario: a concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: de balde.



SON (EM)PEZA

ACTIVIDADE PRESENCIAL AUTÓNOMA. OFERTADA DURANTE NOVEMBRO E DECEMBRO 2021.

Paseo sonoro polas salas do Museo a través do pezas do Patrimonio Oral (cantos, sons, refráns, ditos...) vinculados a pezas materiais.

Para realizalo é preciso usar teléfonos móbiles para ler os códigos QR situados nas salas. Inclúe unha guía con información sobre ambas pezas, a material e a inmaterial, e a súa conexión.

- Dirixida ao alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos.
- Máximo de participantes por sesión: grupo burbulla ou 20 persoas. **
- Temporalización aproximada: 50 minutos
- Datas e horario: a concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: de balde.



Podedes solicitar máis información relativa a cada proposta no correo-e: servizosdeac@museodopobo.gal

INFORMACIÓN XERAL
Departamento de Educación e Acción Cultural
Museo do Pobo Galego

CORREO-E: servizosdeac@museodopobo.gal
TELÉFONO XERAL: 981 583 620
EXTENSIÓN TELEFÓNICA DIRECTA: 881976923
HORARIO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA (suxeita a visitas): de martes a venres de 9h30 a 15h.
HORARIO DE APERTURA DO MUSEO: de martes a sábado de 11h a 18h.
Domingo de 11h a 14h. Luns pechado.
MÁIS INFORMACIÓN: www.museodopobo.gal

**** NOTA RELATIVA AO AFORO DAS VISITAS NOS MUSEOS**

O aforo permitido neste comezo de curso para as visitas nos Museos é de 20 persoas + persoa educadora, polo que o aforo dos talleres e visitas estará sempre suxeito ás indicacións sanitarias, podendo variar, reducíndose ou ampliándose.

As visitas por libre ou autónomas (sen mediación directa do departamento de educación) poderán realizarse en grupos burbulla, sempre atendendo aos aforos do espazo museístico, polo que sempre se deberá concertar con antelación no mail ou teléfono facilitado.



**Museo do
Pobo Galego**

